

A C T A 13/2018

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- 18 DE DICIEMBRE DE 2018 -

Na Casa do Concello, a dezoito de decembro de dous mil dezoito, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a Concepción García Vázquez
D. Xurxo Francos Liñares
D. Jorge Juan Carballido Salgado
D.^a María del Pilar Pérez Fagil
D. José Francisco Nanín Castro
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a Sofía Ferreiro Gaspar
D. Julio César Retis Vázquez
D.^a María Vázquez Rey
D. Ignacio Manuel Arroyo Font
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D. Manuel Anxo Fernández Baz

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 986/18 Á 1040/18)**
- 2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE UTILIDADE MUNICIPAL AS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA AGRUPACIÓN VECIÑAL CAMPOSANTO DE LUOU**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE UTILIDADE MUNICIPAL AS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA A.C. ROSALÍA DE CASTRO**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TEO**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2019”**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA**
- 8.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA PARA A PROMOCIÓN DO RESPECTO ÁS LIBERDADES SEXUAIS DAS PERSOAS**
- 9.- MOCIÓNS**
- 10.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 986/18 Á 1040/18).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de novembro ata o 12 de decembro de 2018, que comprenden os números 986 ao 1040, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos

e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, 12 de decembro de 2018

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE UTILIDADE MUNICIPAL AS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA AGRUPACIÓN VECIÑAL CAMPOSANTO DE LUOU.

O sr. alcalde da conta da proposta do 29 de novembro de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 12 de decembro de 2018.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Declaración de utilidade municipal das actividades desenvolvidas pola “Agrupación veciñal Camposanto de Luou” por concorrer circunstancias sociais que así o xustifican

Visto o artigo 74.2 quáter da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as súas modificacións) que establece como bonificación potestativa no Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) que os concellos, mediante ordenanza, poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmóveis nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer

circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles aprobada polo Pleno municipal de Teo en sesión celebrada o 24 de setembro de 2015 (BOP 228, do 27/11/2015) no seu artigo 14.5 recolle esta posibilidade de bonificación, establecendo no apartado 5.1 que o suxeito pasivo solicitará a declaración xuntando memoria xustificativa destas circunstancias e, no apartado 5.2, que corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse polo voto favorable da maioría dos seus membros.

Vista a solicitude presentada por D. José Ramón Figueroa García como presidente da “AGRUPACIÓN VECIÑAL CAMPOSANTO DE LUOU” (CIF: G15632821) o 22 de outubro de 2018 (Rex. entrada 8012 do 22 de outubro) e a “memoria xustificativa da concorrencia de circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen a declaración de especial interese ou utilidade municipal”, acompañada de facturas xustificativas da actividade económica da Agrupación.

Visto, ademais, que a actividade fundamental da “Agrupación Veciñal Camposanto de Luou” é a actividade cooperativa que ten por finalidade o interese colectivo de realizar a exhumación das persoas mortas na parroquia, interese social avalado polo alto número de socios familiares da Agrupación, e que esta é unha das competencias municipais na que a Agrupación colabora

Propónse ao Pleno da corporación o seguinte

ACORDO

1. Declarar de utilidade municipal as actividades desenvolvidas pola “AGRUPACIÓN VECIÑAL CAMPOSANTO DE LUOU” por concorrer circunstancias sociais que así o xustifican, tendo dereito consecuentemente a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóbles.
2. A aplicación da bonificación terá vixencia no exercicio 2018 e nos seguintes, mentres a “AGRUPACIÓN VECIÑAL CAMPOSANTO DE LUOU” manteña as actividades valoradas, circunstancia que deberá ser informada anualmente polos departamento responsable do concello de Teo.
3. A bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóbles afecta ás seguintes referencias catastrais:

15083A089002000000LJ”

Aberta a quenda de intervención, os portavoces dos grupos municipais non fan uso dela.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 6 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

1.- Declarar de utilidade municipal as actividades desenvolvidas pola “AGRUPACIÓN VECIÑAL CAMPOSANTO DE LUOU” por concorrer circunstancias sociais que así o xustifican, tendo dereito consecuentemente a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmобles.

2.- A aplicación da bonificación terá vixencia no exercicio 2018 e nos seguintes, mentres a “AGRUPACIÓN VECIÑAL CAMPOSANTO DE LUOU” manteña as actividades valoradas, circunstancia que deberá ser informada anualmente polos departamento responsable do concello de Teo.

3.- A bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmобles afecta ás seguintes referencias catastrais:

15083A089002000000LJ

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN DE UTILIDADE MUNICIPAL AS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA A.C. ROSALÍA DE CASTRO.

O sr. alcalde da conta da proposta do 29 de novembro de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 12 de decembro de 2018.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Declaración de utilidade municipal das actividades desenvolvidas pola A.C. Rosalía de Castro por concorrer circunstancias sociais e culturais que así o xustifican

Visto o artigo 74.2 quáter da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as súas modificacións) que establece como bonificación potestativa no Imposto sobre Bens Inmобles (IBI) que os concellos, mediante ordenanza, poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmобles nos que se desenvolvan actividades económicas que

sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles aprobada polo Pleno municipal de Teo en sesión celebrada o 24 de setembro de 2015 (BOP 228, do 27/11/2015) no seu artigo 14.5 recolle esta posibilidade de bonificación, establecendo no apartado 5.1 que o suxeito pasivo solicitará a declaración xuntando memoria xustificativa destas circunstancias e, no apartado 5.2, que corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase polo voto favorable da maioría dos seus membros.

Vista a solicitude presentada por D. David Dopazo Vázquez como presidente da “ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO” (CIF: G15040413) o 10 de novembro de 2017 (Rex. entrada 9882 do 14 de novembro), o requirimento de documentación do 15 de novembro de 2017 remitido por esta Alcaldía (Rex. Saída 3741 do 16 de novembro) e a documentación presentada por D. David Dopazo o 27 de novembro (Rex. Entrada 10.238 do 27 de novembro) onde se xustifica mediante distintas facturas a realización de actividades económicas vinculadas coa difusión cultural, clases de música tradicional, etc., acompañada da “memoria xustificativa da concorrencia de circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen a declaración de especial interese ou utilidade municipal”

Visto, ademais, que a referencia catastral 15083B503008930001DT corresponde en boa parte ao campo de fútbol da Cañoteira, propiedade da Asoc. Cultural Rosalía de Castro, que ten cedido o seu uso ao concello de Teo dende o ano 2008

Propónse ao Pleno da corporación o seguinte

ACORDO

1. Declarar de utilidade municipal as actividades desenvolvidas pola “ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO” por concorrer circunstancias sociais e culturais que así o xustifican, tendo dereito consecuentemente a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóbles.
2. A aplicación da bonificación terá vixencia no exercicio 2019 e nos seguintes, mentres a “ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO” manteña as actividades valoradas, circunstancia que deberá ser informada anualmente polos departamentos de cultura e deportes do concello de Teo.
3. A bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóbles afecta ás seguintes referencias catastrais:

15083B503008930001DT”

Aberta a quenda de intervención, os portavoces dos grupos municipais non fan uso dela.

Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

1.- Declarar de utilidade municipal as actividades desenvolvidas pola “ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO” por concorrer circunstancias sociais e culturais que así o xustifican, tendo dereito consecuentemente a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóbles.

2.- A aplicación da bonificación terá vixencia no exercicio 2019 e nos seguintes, mentres a “ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO” manteña as actividades valoradas, circunstancia que deberá ser informada anualmente polos departamentos de cultura e deportes do concello de Teo.

3.- A bonificación do 95 por cento da cota íntegra do Imposto de Bens Inmóbles afecta ás seguintes referencias catastrais:

15083B503008930001DT

Sendo as oito horas e dez minutos abandona o Salón de Plenos a Interventora municipal, D.^a Mónica I. Lado Varela.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR AR DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde da conta da proposta do 5 de decembro de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 12 de decembro de 2018.

**“EXPTE: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

Visto o informe de necesidade relativo á licitación do servizo de axuda no fogar elaborado pola Coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Teo, de data 29 de novembro de 2018 no que se indica:

“A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia define o SAF como un servizo social comunitario básico e enmarca a súa prestación dentro do ámbito local. En concordancia con esta lei o Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, afonda na conceptualización e prestación do SAF, incluíndo unha referencia no seu artigo 15 á posibilidade de prestar este servizo de xeito indirecto a través dalgunha das modalidades de contratación pública. No mesmo senso se manifesta a Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Esta normativa fixa o marco legal de referencia do servizo tendo en conta as peculiaridades introducidas pola Lei 39/2006 de promoción da autonomía e atención á dependencia, que supón a diferenciación de dúas modalidades de atención: prestación básica ou de libre concorrència e prestación para persoas con dependencia valorada.

2. Por outra parte, a Lei 9/2017 de contratos do sector público, fixa no seu artigo 28 a obriga de xustificar a necesidade de acudir á contratación pública por insuficiencia de medios.

3. O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situación en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo.

4. As modalidades de atención neste servizo son dúas e están relacionadas coa forma en que se accede a el: a modalidade básica deriva do acceso por libre concorrència de toda aquela familia ou persoa que polas súas circunstancias poida beneficiarse deste servizo, e a modalidade de atención á dependencia de acceso directo para todas aquelas persoas que teñan recoñecido dito servizo dentro do ámbito do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia (SAAD). Neste último caso o servizo adquire un carácter esencial e de execución dun dereito subxectivo.

5. O Concello de Teo carece dun cadro de persoal que poida asumir a prestación do SAF de xeito directo. Dita dotación de persoal suporía dispor dun número de auxiliares

de atención domiciliaria que contasen coa titulación necesaria (definida en cada momento pola normativa de referencia), e tamén dun perfil profesional técnico social que realizase, alén das funcións de dirección e coordinación inmediata do persoal auxiliar, o deseño de intervención de caso, xestión de altas, seguimento e baixas no servizo.”

Considerando que o vindeiro 25 de abril de 2019 remata a vixencia da prórroga do contrato actual e que empresa contratista comunicou mediante escrito con Rex. de Entrada 201899900000246 do 26 de outubro de 2018 a súa pretensión de non facer efectiva unha segunda prórroga.

Vista a providencia da alcaldía de 30 de novembro de 2018 que dispón a emisión de informe por parte dos servizos sociais municipais sobre os aspectos da contratación, así como a emisión, no seu caso, de certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente pola Intervención municipal.

Visto o informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Teo de data 04 de decembro de 2018 sobre a insuficiencia de medios e a improcedencia da división en lotes do contrato, entre outros aspectos da contratación, e visto o certificado de existencia de crédito de data 05 de decembro de 2018.

Considerando que, de acordo co indicado na documentación que consta no expediente, o importe do servizo para o período de tres anos máis un ano de prórroga ascendería a 2.583.551,04€, desagregado en 2.473.536,00€ máis 91.559,04€ de IVE ao 4% e 18.456,00€ de IVE ao 10%.

Visto o artigo 116 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e dado que, conforme ca disposición adicional segunda da referida lei, a competencia corresponde ao Pleno da Corporación, **PROPOÑO a adopción do seguinte ACORDO:**

Primeiro.- Considerar necesario, en calidade de órgano de contratación e aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que se tramite a

contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Teo nas modalidades de libre concorrancia e dependencia, asumindo a xustificación reflectida no informe da Coordinadora de Servizos Sociais de data 29 de novembro de 2018.

Segundo.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Teo nas modalidades de libre concorrancia e dependencia, cuxo orzamento ascende a 2.583.551,04 €, desagregado en 2.473.536,00 € máis 91.559,04 € de IVE ao 4% e 18.456,00 € de IVE ao 10%, por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria, asignándolle o núm. de expediente S-4/2018.

Terceiro.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Cuarto.- Delegar na Alcaldía, ao abeiro do previsto no artigo 61 da Lei 9/2017, a competencia en materia de contratación do presente expediente”.

O sr. alcalde explica que, aínda que o proceso non remata ata maio de 2019, xa se vai xusto de prazos no procedemento. Explica que se propón acordar a delegación porén iso supón que ten que celebrarse unha Comisión Informativa previa, comprometéndose a que se alguén nesa Comisión considera que se debe convocar un Pleno, convocarase de forma extraordinaria.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño interésase polo certificado de intervención de existencia de crédito.

O sr. alcalde sinala que o importe de 410.000 € corresponde á anterior licitación, sinalando que na medida en que se foron incorporando horas se foi incrementando ese custo.

O sr. Iglesias sinala que cando se quitou o contrato había 1.800 horas de dependencia e neste momento hai 2.500, ademais o prezo pasou de 14 € a 16 €, entón esa suma da esa cantidade.

A sra. Nariño pregunta se, no último ano, o importe do contrato foi de 410.000 €.

O sr. Iglesias explica que non, que nesa partida se foron incrementando as horas e se absorbe da bolsa, polo tanto o custo real neste momento debe de andar en torno aos 500.000 €.

O sr. alcalde aclara que hai que ter en conta que se trata dun orzamento prorrogado e que non houbo modificacións desa partida, e que na partida 230 existe unha bolsa que contén os cartos de servizos sociais, e unha parte diso utilízase para pagar o incremento do contrato. Salia que o incremento non so é do concello senón tamén da subvención Xunta.

O sr. Iglesias explica que tamén hai un incremento no capítulo de ingresos, sen esquecer que a Xunta paga a hora a 9,5 € mentres que o concello a paga a 14 €, polo que o concello asume parte dese incremento.

A sra. Nariño pregunta porque existe esa diferenza.

O sr. Iglesias explica que 14 € é o custo real, porén a Xunta leva anos con esa cantidade de 9,5 € bloqueada, polo que os concellos teñen que aumentar os fondos propios que dedican a axuda no fogar.

O sr. alcalde sinala que hai que te en conta que a subvención da Xunta non é do 100 %.

O sr. Iglesias aclara que aínda que a vocación da Xunta e que a financiación sexa do 100 %, non é así.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (7 PP e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Considerar necesario, en calidade de órgano de contratación e aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que se tramite a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Teo nas modalidades de libre concorrència e dependencia, asumindo a xustificación reflectida no informe da Coordinadora de Servizos Sociais de data 29 de novembro de 2018.

Segundo.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Teo nas modalidades de libre concorrència e dependencia, cuxo orzamento ascende a 2.583.551,04 €, desagregado en 2.473.536,00 € máis 91.559,04 € de IVE ao 4% e 18.456,00 € de IVE ao 10%, por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria, asignándolle o núm. de expediente S-4/2018.

Terceiro.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- **Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.**
- **Informe de Secretaría.**
- **Informe de fiscalización de Intervención.**

Cuarto.- Delegar na Alcaldía, ao abeiro do previsto no artigo 61 da Lei 9/2017, a competencia en materia de contratación do presente expediente.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA Municipal (Plan único de concellos) “POS +2019”.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de infraestruturas D. Roberto Moñino Gil.

O sr. Moñino da conta da proposta da alcaldía do 7 de decembro de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 12 de decembro de 2018.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), “POS+ 2019”, publicadas no BOP nº 188, de 2 de outubro de 2018.

Tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxerencias veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Tomando en consideración estes antecedentes, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a

continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
ACTUACIONES DE MANTEMENTO, REFORMA DE INSTALACION ELECTRICA E INSTALACION DE PROTECCION CONTRA INCENDIOS, EN EDIFICACION DESTINADA A CENTRO SOCIAL, REIS	99.993,64	1.237,57	101.231,21
REURBANIZACION DO NÚCLEO DE SESTELO, RARIS	322.386,98	3.990,02	326.377,00
Subtotal investimentos achega provincial 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
(Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PENELAS, CACHEIRAS	125.559,54	10.432,23	135.991,77
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL DE SANTA MARTA, TEO	85.993,04	7.144,81	93.137,85
Subtotal investimentos achega provincial 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO	252.144,33	63.807,60	315.951,93
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

b) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
A CAIXA	9620 31359547020	37.943,49
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		37.943,49

c) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
a- INVESTIMENTOS	Achega 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Préstamo 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93
b- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	37.943,49	,00	37.943,49
TOTAL	Achega 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Préstamo 2019	290.087,82	63.807,60	353.895,42
	TOTAL	924.021,02	86.612,23	1.010.633,25

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos :

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MODIFICADO DE PROYECTO DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO DO CENTRO SOCIO CULTURAL de A RAMALLOSA	103.128,86
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, LUCÍ	38.014,96
REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE I)	439.998,88
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE II)	149.774,67
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN EO DOS FERREIROS, OZA	134.209,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE, LUCI	61.456,00
TOTAIS	1.182.825,39

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras

Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta”.

O sr. Moñino di que antes de falar do complementario quería facer algún comentario no senso de que, aínda que é verdade que non se produciu o encontro coa oposición para poder chegar a acordos en canto ás obras, porén se trata de obras moi necesarias. Lembra que no primeiro POS se plantexaron algunhas cousas referidas a que os proxectos se fixera no concello, que se fixeran topográficos antes da redacción dos proxectos e que a maioría das pavimentacións se fixesen con aglomerado.

Resalta o sr. Moñino que iso se fixo foi grazas ao esforzo dos técnicos, ao que felicita, porque iso se conseguiu no 90 % das obras, a pesar de que se contou cun técnico menos case media lexislatura. Salia o sr. Moñino que nesta lexislatura tamén se plantexaron seis núcleos, executados ou que se van a executar, pero que están proxectados, o que é un tema moi importante.

Refírese o sr. Moñino ao complementario e sinala que é un complementario que vai a ser moi difícil que se aprobe neste lexislatura, agás que saia algunha subvención, tratándose polo tanto de obras que teñen máis longo percorrido.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que se contemplan demandas veciñais e demandas realizadas polo BNG, como a senda que vai de Folgueira a Santo Domingo, porén como dixo o sr. Moñino non

existiu posta en común algunha coa oposición, como se viña facendo tradicionalmente, engadindo o sr. Fernández que supón que será en aras da eficacia.

Salienta o sr. Fernández que seguen existindo moitas carencias en canto á seguridade viaria, como por exemplo avanzar no plantexado no plan de mobilidade.

Tratándose do abastecemento e saneamento di o sr. Fernández que non ve obra e que cree que o concello non está completo neste senso. Sinala que, tratándose do complementario o 50 % da partida vai a dúas obras, aínda que realmente é unha, que se refire á horta do cura de Luou, cuxo convenio foi aprobado a semana pasada. Tratándose do saneamento pregunta o sr. Fernández cal é a situación e remata a súa intervención anunciando, á vista do exposto, a súa abstención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, e di que bota en falta que non se contara coa oposición. Considera que non se fai un reparto equitativo e plural, sendo case sempre as mesmas parroquias as que pagan o pacto. Sinala o sr. Guerra que as pistas están destrozadas, engadindo que dende que está el en Bamonde non se investiu nin un so euro. Pregunta o sr. Guerra pola pista de Penelas e en qué consiste a ampliación da casa común de Oza. Anuncia o sr. Guerra a abstención do seu grupo.

O sr. Sisto sinala que vai a responder ao sr. Fernández. Explica que o incremento do número de abonados no servizo de augas está propiciando que a ampliación do servizo de abastecemento se poida facer con fondos propios. Sinala que cos fondos deste ano completouse o abastecemento en Reis ata Baliñas, estándose agora en Trivalde, dirixíndoa ao Coto e Lamas, polo que se completará este ano e a única parroquia que queda fora será Lampai. De cara ao 2019 estase valorando a posibilidade traer unha liña directa dende o depósito ata a zona de Lampai, se tecnicamente fora posible. Sinala o sr. alcalde que ese investimento en abastecemento, limitou outros investimento en saneamento, engadindo que se o ano que ven se contempla Lampai o paso seguinte terá que ver co saneamento.

Explica o sr. alcalde que hai outras obras que consideran moi importantes como a de aforro enerxético, porque o 1.200.000 € que se está gastando ao ano en abastecemento, algo máis de 400.000 € se van en enerxía, polo tanto a través do IDAE se vai a proceder a facer enerxías alternativas nos bombeos. Salienta o sr.alcalde que polo tanto non polo feito de que non apareza non implica que non sexa prioritario.

O sr. Moñino sinala que a proposta de consenso intentouse, e ao BNG e ao PP se lle mandou unha carta reclamando que dixesen obras, porén non é importante porque todos están de acordo nestas obras. Explica que hai cousas en Bamonde que están mal e algunhas xa están visualizadas e tratándose do saneamento sinala que xa respondeu o sr.alcalde.

Pregunta o sr. Guerra cantos metros son a obra de Penelas.

O sr. Moñino explica que vai dende Cobas, sube ata a rotonda da autopista e á zona dos núcleos. En canto á obra de Oza explica que é unha ampliación que ten como 250 metros cadrados, tratándose dunha construción tradicional con cerramento, pilares, e ventás e cunha reurbanización.

O sr. Guerra di que lle parece moi cara a senda a 315.000 €, engadindo que estas cousas hai que miralas con tempo.

O sr. Moñino di que son obras que se fan con prezos base.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que, tratándose da seguridade viaria en sentido estrito, se dedica o 31,33 %, sen considerar o complementario.

Entende que é importante seguir avanzando nese senso porque aínda que é certo que o tema das sendas é caro, humaniza o concello e é unha reclamación veciñal.

O portavoz do PP, sr. Guerra, non fai uso da súa quenda de intervención.

O sr.alcalde explica que en obras dese estilo hai que ter en conta que o custo hai que incrementalo cos gastos xerais e o beneficio industrial, e o IVE, que é do 21 %, sen esquecer que os procesos de licitación acaban supoñendo unha rebaixa do 30 %, porén os técnicos teñen que ter en conta os prezos de mercado.

O sr. Fernández refírese á senda de Folgueiras e ao tema dos postes, sinalando que é recorrente, porén e importante, o mesmo que o tema de sinalización das obras. Explica que a obra de Campos de Mirabel é un exemplo de como non se teñan que facer as cousas.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (7 PP e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
ACTUACIONES DE MANTEMENTO, REFORMA DE INSTALACION ELECTRICA E INSTALACION DE PROTECCION CONTRA INCENDIOS, EN EDIFICACION DESTINADA A CENTRO SOCIAL, REIS	99.993,64	1.237,57	101.231,21
REURBANIZACION DO NÚCLEO DE SESTELO, RARIS	322.386,98	3.990,02	326.377,00
Subtotal investimentos achega provincial 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
(Investimentos financeiramente sostibles)			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PENELAS, CACHEIRAS	125.559,54	10.432,23	135.991,77
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL DE SANTA MARTA, TEO	85.993,04	7.144,81	93.137,85
Subtotal investimentos achega provincial 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL ENTRE SAN DOMINGOS E CENTRO DE SAÚDE DE FOLGUEIRAS, CALO	252.144,33	63.807,60	315.951,93
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

b) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda
A CAIXA	9620 31359547020	37.943,49
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		37.943,49

c) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
a- INVESTIMENTOS	Achega 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62



	Préstamo 2019	252.144,33	63.807,60	315.951,93
b- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	37.943,49	,00	37.943,49
TOTAL	Achega 2019	422.380,62	5.227,59	427.608,21
	Achega 2018	211.552,58	17.577,04	229.129,62
	Préstamo 2019	290.087,82	63.807,60	353.895,42
	TOTAL	924.021,02	86.612,23	1.010.633,25

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos :

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MODIFICADO DE PROYECTO DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO DO CENTRO SOCIO CULTURAL de A RAMALLOSA	103.128,86
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, LUCÍ	38.014,96
REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE I)	439.998,88

AREA RECREATIVA HORTA DO CURA, LUOU (FASE II)	149.774,67
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN EO DOS FERREIROS, OZA	134.209,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE, LUCI	61.456,00
TOTAIS	1.182.825,39

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente,

incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA.

O sr. alcalde da conta da proposta do seu grupo de 5 de decembro de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 15 de decembro de 2018.

“PROPOSTA AO PLENO PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias en materia de lingua. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que “o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

“É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das

empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva”.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolveselas de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia, como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5.^a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle *“As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non establecido nela, a lexislación do Estado sobre asociacións”*.

Nos artigos posteriores, dispón que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que estarán regulados pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación reconece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para conseguiren os seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, nunha xuntanza entre diversos concellos, celebrada o pasado 25 de outubro en Santiago de Compostela, formulouse a proposta de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega que se rexerá polos estatutos que se xuntan.

De acordo co texto dos estatutos, poderán integrarse na asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, conten no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin.

Por outra parte, o artigo 28 do borrador de estatutos establece unha cota ordinaria que deberán aboar as entidades que formen a asociación, en función do tramo de poboación no que se inclúan. Tendo en conta a poboación deste Concello, correspóndelle unha cota de 2.500,00 euros, que deberán ser aboados no primeiro trimestre de cada ano con cargo á aplicación que se consigne no orzamento xeral do Concello.

O 4 de decembro de 2018, a Secretaría Xeral do Concello emitiu un informe á proposta de adhesión á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega e ao contido dos seus estatutos.

Así mesmo, a Intervención municipal emitiu informe con data do 5 de decembro de 2018.

Ao abeiro do anterior e do que dispoñen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, propóñense para seren aprobados polo Pleno, os seguintes **ACORDOS**:

1.- Manifestar a vontade do Concello de Teo de adherirse á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

2.- Aprobar a proposta de estatutos (Anexo I) para a constitución e funcionamento Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega e manifestar a vontade de concorrer á asemblea constituínte da entidade.

3.- Designar a M^a Pilar Pérez Fagil como representante política da Corporación na asemblea da Asociación e ao técnico de normalización lingüística, como representante técnico.

4.- Manifestar o compromiso deste pleno de incluír no orzamento xeral deste Concello os fondos necesarios para a cota ordinaria de participación na asociación.

5.- Facultar ao señor alcalde para as actuacións de trámite que sexan precisas para a execución do acordado”.

(..)

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, e a portavoz do PSOE, sra. Lemus, non fai uso das súas quenda de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez pregunta se, previamente a isto, dende o concello existe algún tipo de asignación que xa se viñese aportando a este tipo de actividades de defensa da lingua, con qué tipo de actividades se estaba traballando o concello para fomentar iso, ou se non había nada contratado e se o gasto da cota estaba contemplado no orzamento.

O sr. alcalde sinala que se se miran os orzamentos do 2017, en actividade relacionadas coa promoción da lingua galega, hai un montante de 11.000 €. Os dous programas nos que se viña participando específicos de promoción da lingua, cun custe de catro ou cinco mil euros, eran youtubeir@s e o apego, que eran os que se viñan cargando a esa partida por parte do concello de forma individual e non formando parte da asociación.

A sra. Vázquez pregunta cáles eran as entidades que formaran a asociación e quen está coordinando a creación da mesma.

O sr. alcalde di que cree que no apego e no youtubeir@s estaban trinta e cinco concellos de todo Galicia, entendendo que serán estes os que van a iniciar o tema, tratándose de concellos de todas as cores políticas. Salienta o sr. alcalde que esta forma de coordinación vai a facilitar a integración porque senón no caso de concellos pequenos o tema do pago é unha desesperación para os servizos económicos.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e sete abstencións (7PP), acorda:

1.- Manifestar a vontade do Concello de Teo de adherirse á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

2.- Aprobar a proposta de estatutos (Anexo I) para a constitución e funcionamento Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega e manifestar a vontade de concorrer á asemblea constituínte da entidade.

3.- Designar a M^a Pilar Pérez Fagil como representante política da Corporación na asemblea da Asociación e ao técnico de normalización lingüística, como representante técnico.

4.- Manifestar o compromiso deste pleno de incluír no orzamento xeral deste Concello os fondos necesarios para a cota ordinaria de participación na asociación.

5.- Facultar ao señor alcalde para as actuacións de trámite que sexan precisas para a execución do acordado.

ANEXO I

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias sobre lingua galega. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que *o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.*

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña

unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinala nestes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolverlas de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5^o da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle:

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nela, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

Nos artigos posteriores establece que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán

formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que se rexerán pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para a consecución dos seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, as entidades locais adheridas manifestamos a nosa vontade de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, que se rexe polos seguintes estatutos.

CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1

O obxecto destes estatutos é regular a constitución e o funcionamento da Asociación de Entidades Locais pola Lingua galega, como asociación sen ánimo de lucro ao abeiro do que establece a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e da disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 2

Son fins principais da asociación:

- 1 Promover e dinamizar o uso da lingua galega desde o ámbito dos concellos e do resto de entidades locais asociadas de xeito cooperativo.
- 2 Impulsar e dar apoio aos proxectos e iniciativas que das entidades locais asociadas se xeren arredor da dinamización da lingua galega en todos os ámbitos mencionados.
- 3 Crear e manter espazos de intercambio de experiencias e de formación sobre o proceso de normalización lingüística.
- 4 Procurar a coordinación da acción dos servizos de normalización lingüística das entidades locais asociadas.
- 5 Prestarlles servizos de asesoramento ás entidades asociadas na promoción e impulso dun maior emprego da lingua galega.

6 Elaborar e presentarlles propostas ás institucións autonómicas, estatais ou europeas sobre dinamización lingüística.

7 Fomentar o contacto e a relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa das linguas propias do seu territorio en situación de minorización ou minoría.

8 Incluír os proxectos que desta asociación deriven no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados á conservación e promoción das linguas minorizadas e minoritarias e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

Artigo 3

A asociación, en función dos seus fins, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia.

A súa sede será rotatoria entre as entidades locais membros e corresponderá á da entidade que a presida.

Artigo 4

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, consonte estes estatutos, pola vontade das entidades locais asociadas expresada nunha asemblea xeral extraordinaria ou polas causas que establece a lexislación vixente.

Artigo 5

A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

1 Terá un carácter non lucrativo.

2 Para cumprir os seus fins, a asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.

3 Todos os seus ingresos aplicaranse para os fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso repartilos entre as entidades locais asociadas nin cedelos a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

4 O seu patrimonio será independente do das súas entidades asociadas.

5 Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu repartimento entre entidades asociadas nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

6 Anualmente, a Xunta Directiva presentaralle á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado xunto cos xustificantes de gasto, que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de entidades locais socias.

7 Para contratar servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.

Artigo 6

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá:

- 1 Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes para os seus fins.
- 2 Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados coa promoción e dinamización da lingua galega entre os membros.
- 3 Dirixirse aos poderes públicos e intervir, se é o caso, na formulación de propostas normativas ou de desenvolvemento de accións en prol da lingua.
- 4 Organizar e participar en reunións, seminarios, congresos, cursos e xornadas.
- 5 Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- 6 Planificar e executar programas en relación coa súa finalidade e obxectivos.
- 7 Realizar calquera outra actividade que poida resultar conveniente para os fins da entidade, con suxeición á lexislación vixente.

CAPÍTULO II. DAS ENTIDADES ASOCIADAS

Artigo 7

Poderán formar parte da asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, conten no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin.

Artigo 8

As entidades locais interesadas deberán expresar a súa vontade de adhesión mediante un acordo do órgano competente da corporación, que se expresará tamén a aceptación destes estatutos.

As entidades locais que desexen incorporarse despois da constitución da asociación deberán solicitalo por escrito facendo constar a vontade de adhesión e a aceptación dos estatutos. O acordo para incorporalas correspóndelle á Asemblea Xeral.

Artigo 9

As entidades locais membros da asociación terán os dereitos que seguen:

- 1 Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se realicen.
- 2 Ser candidatas aos cargos dos órganos de goberno.
- 3 Participar nas áreas de traballo da asociación.
- 4 Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- 5 Ter coñecemento da execución do orzamento.
- 6 Solicitalle á Presidencia que reúna a Asemblea Xeral.

Artigo 10

As entidades locais membros da asociación terán as seguintes obrigas:

- 1 Cumprir os estatutos e os acordos válidos da asociación e dos seus órganos de goberno.
- 2 Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, se é o caso, poidan establecerse.
- 3 Colaborar coa asociación para conseguir os fins propostos, prestando, se fose necesario, o apoio do persoal propio para a xestión da entidade.

Artigo 11

A condición de entidade local socia alterarase por algún dos seguintes motivos:

1 Por vontade da propia entidade manifestada nun acordo do órgano de goberno que corresponda normativamente.

2 Por incumprimento destes estatutos, nomeadamente do que establecen sobre os fins da asociación.

3 Por falta de pagamento da cota de tres ou máis anualidades.

A proposta de separación dunha entidade local, por vontade propia ou por incumprimento das súas obrigas, deberalle ser formulada pola Xunta Directiva á Asemblea Xeral e será válida desde o momento en que esta a acorde por maioría simple dos membros presentes.

O membro que, por calquera causa, deixe de pertencer á asociación estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigas contraídas con anterioridade.

En caso de baixa voluntaria, as obrigas coa asociación deixarán de ter efecto desde o momento en que a Xunta Directiva tome conta da solicitude da entidade local.

Artigo 12

A pertenza á asociación implica a obriga do pagamento da cota de participación no primeiro trimestre de cada anualidade.

A situación de débeda dunha cota anual implicará a perda do dereito de voto nos órganos da asociación e, polo tanto, a imposibilidade de optar a formar parte da Xunta Directiva.

Co fin de garantir o cumprimento desta obriga, ao inicio de cada asemblea, a Tesourería dará conta da situación das entidades membros.

Perderase a condición de entidade socia pola falta de pagamento de tres cotas ou máis cando, unha vez requirido, pasen máis de tres meses sen que se efectúe.

Artigo 13

As entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción dun maior uso da lingua galega poderán sumarse á asociación como membros amigos.

A condición de membro amigo supón que a entidade pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto. Non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga de pagar as cotas.

Para obter a condición de membro amigo, a entidade ou organismo interesado deberá solicitarlle á Presidencia a admisión argumentando a súa vinculación coa defensa e promoción da lingua galega. Será a Asemblea Xeral a que acorde ou denegue admitila.

CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea Xeral, onde están representadas todas as entidades locais socias.
- Xunta Directiva, que é o órgano de goberno da asociación e está formada pola Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría, a Tesouraría e tres vogalías.

Artigo 15

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das corporacións asociadas.

As entidades socias estarán representadas polo responsable político que designen consonte a súa normativa e polo responsable técnico do Servizo de Normalización Lingüística. En calquera caso, a cada entidade socia corresponderalle un único voto.

Artigo 16

Son competencias da Asemblea Xeral:

- 1 Aprobar os estatutos e a súa modificación.
- 2 Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- 3 Aprobar os orzamentos e contas xerais.
- 4 Aprobar as normas de funcionamento que desenvolva nestes estatutos, se é o caso.
- 5 Aprobar as cotas ordinarias e as achegas económicas extraordinarias.

6 Establecer a estrutura organizativa.

7 Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos que establezan os estatutos e a demais normativa que os poida desenvolver.

8 Admitir novas entidades socias e membros amigos.

9 Acordar a separación dos membros que incumpran as súas obrigas de acordo con estes estatutos.

10 Disolver a asociación.

Artigo 17

As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.

A asemblea reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, e será convocada pola presidencia cun mínimo de quince días de antelación á data en que vaia ter lugar.

A asemblea reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, e será convocada pola Presidencia ou por pedimento dun terzo das entidades socias. A convocatoria farase coa máxima antelación necesaria e, cando menos, dous días antes.

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando asistan dous terzos das entidades asociadas con dereito a voto. En segunda convocatoria, que se realizará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan a presidencia e, cando menos, un terzo das entidades socias, coas excepcións reguladas no artigo 19.

Artigo 18

A convocatoria das asembleas, tanto ordinarias como extraordinarias, formularase por escrito e será enviada, prioritariamente por medios electrónicos. Incluirá, en todo caso, o lugar, día e hora en que vai ter lugar a xuntanza e a orde do día da sesión.

Os asuntos da orde do día serán todos aqueles que, dentro dos fins da asociación, propoña a Xunta Directiva ou un terzo dos membros da asociación, sempre que o soliciten expresamente.

De cada sesión, redactarase unha acta en que consten os acordos adoptados a respecto de cada un dos asuntos.

Artigo 19

En xeral, os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia. Requirirase unha maioría cualificada dos membros presentes ou representados, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, para

- 1 Nomear ou destituír a Xunta Directiva.
- 2 Nomear ou destituír a Presidencia.
- 3 Acordar a integración nunha federación de ámbito máis amplo.
- 4 Dispoñer dos bens integrantes do capital inmovilizado, se é o caso.
- 5 Modificar os estatutos.
- 6 Disolver a entidade.

Artigo 20

A Presidencia da asociación será elixida na Asemblea Xeral de entre as entidades locais que desexen exercela, coa maioría que dispón o artigo 19.

A Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería e as tres vogalías que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidas entre as entidades asociadas que se postulen. No caso de que non se formulen propostas abondas para todos os cargos da Xunta Directiva, elixiranse entre as entidades que aínda non fosen membros.

Artigo 21

O mandato da Xunta Directiva será de dous anos.

Calquera dos membros da Xunta Directiva poderá deixar o cargo polas seguintes causas:

- 1 Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea.
- 2 Por perda da condición de membro da asociación.
- 3 Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada para este único efecto, en tanto se realice a seguinte asemblea xeral ordinaria. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 22

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- 1 Aprobar o programa de traballo e os proxectos da asociación.
- 2 Propoñer e executar o orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral e segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- 3 Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- 4 Crear comisións de traballo por áreas ou para desenvolver proxectos concretos das que poderán formar parte as persoas representantes das entidades que se acorde, sexan ou non membros da Xunta Directiva.
- 5 Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, que deberán ser ratificadas posteriormente pola asemblea na súa seguinte sesión.
- 6 Velar polo bo funcionamento da asociación.
- 7 As competencias que a Presidencia ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

Artigo 23

A Presidencia da asociación terá as seguintes atribucións:

- 1 Representar a asociación.
- 2 Tutelar o persoal técnico con que poida contar a asociación.
- 3 Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral.
- 4 Ordenar e autorizar pagamentos.
- 5 Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das administracións públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades.

A Vicepresidencia substituirá a Presidencia en caso de ausencia ou naqueles en que esta lle delegue o exercicio das súas competencias.

Artigo 24

Son funcións da Secretaría:

- 1 Asistir a Presidencia nas asembleas e xuntas directivas.
- 2 Redactar e autorizar as actas e certificacións dos acordos que se adopten na asemblea e na Xunta Directiva.
- 3 Dirixir os servizos técnicos da asociación.
- 4 Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.

Artigo 25

Son funcións da Tesourería:

- 1 Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- 2 Cumprir as ordes de pagamento que dite a Presidencia.
- 3 Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación e darlles conta deles á asemblea e á Xunta Directiva.

Artigo 26

A asociación procurará dispor do persoal técnico necesario para desenvolver coa maior eficacia os fins para os que se crea e, nomeadamente, para as tarefas de xerencia, apoio aos órganos de goberno e xestión dos programas de actuación. Poderá contar, así mesmo, co apoio do persoal técnico das entidades locais socias.

CAPÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 27

Os recursos da asociación procederán de:

- 1 As cotas ordinarias de carácter anual.
- 2 As achegas extraordinarias que realicen as entidades socias para o desenvolvemento de programas aos que se adhiran ou polas prestacións que reciban.

3 As subvencións ou doazóns que se reciba.

4 Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

Artigo 28

Establécense as seguintes cotas ordinarias, que terán carácter anual e poderán ser revisadas pola Asemblea Xeral cada dous anos.

Concellos con menos de 5.000 habitantes: 1.000 euros.

Concellos entre 5.001 e 30.000 habitantes: 2.500 euros.

Concellos entre 30.001 e 80.000 habitantes: 5.000 euros.

Concellos de 80.001 habitantes en diante: 10.000 euros.

Deputacións provinciais: 30.000 euros.

O aboamento das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano segundo se regula nos artigos 10 e 12 destes estatutos.

Artigo 29

A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade e cumprirá tamén coas demais obrigas contables que determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

O exercicio económico coincidirá co ano natural e rematará cada ano o día 31 de decembro agás no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, agás no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO V. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 30

A asociación poderá disolverse se así o acorda a Asemblea Xeral, se incorre nalgunha das causas que determina o artigo 39 do Código civil ou existe unha resolución xudicial firme neste sentido.

O acordo de disolución deberá ser adoptado nunha sesión extraordinaria da Asemblea Xeral convocada para este fin.

Unha vez adoptado este acordo, constituirase unha comisión da asemblea que se encargará de liquidar a asociación e repartir o patrimonio social entre as entidades socias, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

8.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA PARA A PROMOCIÓN DO RESPECTO ÁS LIBERDADES SEXUAIS DAS PERSOAS.

O sr. alcalde explica que, tal e como xa se avanzou nas Comisións Informativas, ao tratarse dun asunto non ditaminado, precisa que se ratifique a inclusión do asunto na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposición da alcaldía do 13 de decembro do 2018, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA

O Concello de Teo, a través dos servizos de igualdade, ten como unha das súas funcións e tarefas a de proporcionar a igualdade entre homes e mulleres, así como promover a que as persoas desenvolvan a súa sexualidade con liberdade, respecto e

sen sufrir situacións de menosprezo polo súa orientación sexual ou pola súa identidade de xénero.

Considerando que a visión social sobre as situacións de acoso, agresividade ou violencia de calquera tipo sobre as persoas por causas atribuíbles á liberdade sexual, ben seña esta referida á orientación, identidade ou forma de vivirse como persoa sexuada, ten mudado nos últimos anos, faise necesario dotarse de mecanismo que garantan a convivencia e o respecto no concello de teo.

Considerando que os artigos 4, 49 e 84 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faculta aos concellos para intervir na actividade da cidadanía a través da emisión de ordenanzas no exercicio da potestade regulamentaria. Considerando que o municipio, en cumprimento do preceptuado no artigo 25. 2 o) da devandita lei, debe exercer competencias en materia das actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero. Asemade, as entidades locais tamén poden establecer infraccións e impoñer sancións para a adecuada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, tal e como establecen os artigos 139, 140 e 141.

De acordo co exposto propónse unha nova Ordenanza que regule esta materia e que, cumprindo o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), se adecúe aos principios de boa regulación recollidos no citado artigo, tal e como se desprende no preámbulo da ordenanza proposta.

Considerando que a Ordenanza en cuestión non vai ter un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e que se trata dunha evolución no tratamento e satisfacción da necesidade de preservar o espazo público como un lugar de convivencia e civismo, no que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, de ocio, de encontro e de recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos das demais persoas e á pluralidade de expresións e de formas de vida diversas existentes en Teo.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a **ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROMOCIÓN DO RESPECTO ÁS LIBERDADES SEXUAIS DAS PERSOAS**.

Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación e na web municipal, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada Ordenanza.

Terceiro.- O texto integro da Ordenanza aprobada deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei”.

(...)

O sr. Iglesias explica que se trata basicamente de establecer un marco dispositivo que permita facer efectivos unha serie de dereitos como é limitar o acoso á liberdade sexual, o acoso por razón de sexo e o acoso por razón da orientación sexual e identidade de xénero.

Sinala que neste momento no concello de Teo algúns servizos na súa regulamentación teñen un réxime sancionador, pero non todos, e incluso aqueles que sí o teñen non é moi factible actuar do xeito rápido e preventivo que se fai preciso nestes casos.

Sendo as vinte hora e corenta e sete minutos sae do Salón de Plenos a concelleira de Son de Teo-Anova, D.^a María del Pilar Pérez Fágil, que se incorpora pasados dous minutos.

Refírese o sr. Iglesias ás normas de conduta que aparecen no artigo 4 da Ordenanza, que quedan prohibidas e que constitúen o eixe central da ordenanza, e procede á lectura das mesmas. Explica que estas normas serán obxecto dunha circular informativa para aclaralas máis, remitíndose a todos os servizos, traballadores e espazos do concello de Teo.

Salienta o sr. Iglesias que se contempla unha medida cautelar, que se concretaría na prohibición de uso ou entrada da persoa ás instalacións ou servizos, en tanto non finalice o proceso sancionador. o que resulta importante xa que neste momento non se ten esta capacidade e tería que esperar a que rematase o procedemento sancionador.

Considera o sr. Iglesias que se trata dun instrumento que se fai absolutamente imprescindible neste momento para garantir dereitos e liberdades fundamentais nos servizos e nas instalación do concello de Teo.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, anuncia o seu apoio á ordenanza. Sinala que vai a enlazar co argumento que utilizou o outro día no Pleno extraordinario cando se tratou o asunto referido ao convenio do Arcebispado e a súa cláusula novena. Considera que o que debe prevalecer son estas ordenanzas e a capacidade do concello para ordenar as relacións de convivencia de interese local, e non debe existir ningún tipo de dogma ou doutrina de limitación do uso de locais públicos. Sinala o sr. Fernández que, tal e como xa plantexou o outro día, unha charla sobre a liberdade sexual non se podería realizar neses inmobles. Reitera o seu apoio á ordenanza, agardando que nunca se teña que aplicar e a xente sexa cívica e respecte os dereitos dos demais.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño anuncia o apoio do seu grupo.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROMOCIÓN DO RESPECTO ÁS LIBERDADES SEXUAIS DAS PERSOAS.

Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación e na web municipal, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobada definitivamente a citada Ordenanza.

Terceiro.- O texto integro da Ordenanza aprobada deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

ORDENANZA PARA A PROMOCIÓN DO RESPECTO ÁS LIBERDADES SEXUAIS DAS PERSOAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A igualdade é, xunto á liberdade, á xustiza e ao pluralismo político, un dos valores superiores do noso ordenamento xurídico, e goza da máxima protección xurídica, tanto no ámbito nacional, como internacional. Por iso, a consecución dunha igualdade real e efectiva e a reparación das discriminacións existentes debe constituír unha das tarefas prioritarias dos poderes públicos.

A Declaración das Nacións Unidas de 1993 sobre a eliminación da violencia contra as mulleres, a Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establecen as normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos e o Convenio de Istambul sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller ratificado polo Estado español o 18.03.2014, definen a violencia de xénero como calquera acto violento ou agresión baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada.

Os Principios de Yogyakarta, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000 e as Resolucións do Parlamento Europeo do 8 de febreiro de 1994 e do 18 de xaneiro de 2006 censuran legalmente a discriminación por motivos de orientación sexual e instan a todos os Estados Membros a tomar calquera medida que consideren adecuada para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual. O Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou no 2011 a primeira resolución na que se recoñecen os dereitos do colectivo LGTBI e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero.

A Constitución española recoñece como dereitos fundamentais a igualdade e a non discriminación por razón de sexo en sentido amplo, o dereito á integridade física e moral, así como a non ser sometidos a tratos degradantes. Ademais dispón que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social; e, por último, impón aos poderes públicos o deber de protexer a dignidade da persoa que se vexa afectada por tratos discriminatorios.

En cumprimento do mandato constitucional, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, veu establecer o marco normativo básico destinado a previr e proscribir calquera forma de discriminación por razón de sexo, tanto no ámbito público como privado. En particular, a lei define o acoso sexual e o acoso por razón de sexo como actos discriminatorios e establece medidas específicas orientadas á súa erradicación nas relacións sociais, laborais, e no ámbito

da actuación das Administracións Públicas, medidas posteriormente desenvolvidas no Estatuto dos Traballadores e na Lei do estatuto básico do empregado público.

Ademais, o Estado español incorporou á súa normativa directivas europeas e ratificou tratados e protocolos internacionais que prohiben toda discriminación por causa da orientación sexual, destacando a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que busca a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación e fai mención expresa á realizada por razón de orientación sexual.

En Galicia, os principios de liberdade e igualdade do individuo aparecen recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia, e son moitas as normas que consagran a igualdade, como a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que considera esta como unha forma extrema de desigualdade e sinala que son as e os profesionais máis achegados á cidadanía os primeiros en poder detectar situacións de violencia e tamén os máis indicados para dar unha resposta pronta e axeitada; e a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado.

Os artigos 4, 49 e 84 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faculta aos concellos para intervir na actividade da cidadanía a través da emisión de ordenanzas no exercicio da potestade regulamentaria. O municipio, en cumprimento do preceptuado no artigo 25.2 o) da devandita lei, debe exercer competencias en materia das actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero. Asemade, as entidades locais tamén poden establecer infraccións e impoñer sancións para a adecuada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, tal e como establecen os artigos 139, 140 e 141.

Por último, o artigo 32 da Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá outorga competencia á Alcaldía para impoñer as sancións e adoptar as medidas previstas nesa Lei cando as infraccións se cometesen en espazos públicos municipais ou afecten a bens de titularidade local.

O obxectivo principal desta ordenanza é preservar o espazo público como un lugar de convivencia e civismo, no que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, de ocio, de encontro e de recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos das demais persoas e á pluralidade de expresións e de formas de vida diversas existentes en Teo.

A estes efectos, esta ordenanza regula unha serie de medidas encamiñadas especificamente ao fomento e á promoción da convivencia e o civismo no espazo público, identifica cales son os bens xurídicos protexidos, prevé cales son as normas de conduta en cada caso e sanciona aquelas que poden perturbar, lesionar ou deteriorar tanto a propia convivencia cidadá como os bens que se encontran no espazo público que lle debe servir de soporte, previndo, no seu caso, medidas específicas de intervención.

Tendo en consideración o anteriormente sinalado, o Concello de Teo declara que toda forma de violencia e, en concreto, as condutas de índole sexual e discriminatorias por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero supoñen un atentado á dignidade das persoas, polo que rexeita e prohíbe calquera práctica deste tipo en todas as súas dependencias, e fai expreso pronunciamento de non tolerar estas accións, así como de facilitar os medios precisos para impedir a súa manifestación en todas as instalacións e espazos onde se desenvolvan actividades municipais.

De acordo co exposto redáctase a presente ordenanza que, cumprindo o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), adecúase aos principios de boa regulación recollidos nese artigo. Os principios de necesidade e eficacia cúmprense, xa que é de interese xeral recoller e regular os dereitos e deberes da veciñanza de Teo para manter unha convivencia que garanta a liberdade sexual e o respecto á orientación do desexo e a identidade sexual, sendo a ordenanza municipal a ferramenta coa que conta a Corporación para facelo. O principio de proporcionalidade está asegurado xa que non é unha medida que aumente os límites ningún tipo de dereitos nin impón obrigas novas. A seguridade xurídica desta regulación fundaméntase na congruencia coa normativa emanada sobre a materia polas restantes institucións con capacidade normativa. O trámite de exposición pública garante o principio de transparencia e a ausencia de cargas administrativas e a xestión racional dos recursos públicos fano co principio de eficiencia.

Título I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto desta ordenanza a necesidade de evitar no espazo público e nas actividades municipais todas as prácticas individuais ou colectivas que atenten contra a dignidade das persoas, e, en concreto, as condutas contra a liberdade sexual e discriminatorias por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero, especialmente cando se dirixan aos colectivos máis vulnerables.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

1. Esta ordenanza aplícase a todas as persoas que están no concello de Teo, sexa cal fora a súa concreta situación xurídica administrativa.

2. Particularmente, a ordenanza é de aplicación en todos os espazos públicos, aqueles destinados ao uso ou ao servizo público de titularidade municipal, así como a construcións, instalacións, mobiliario urbano e demais bens e elementos de dominio público municipal situados naqueles.

3. Asemade, a ordenanza aplícase a espazos, construcións, instalacións e bens de titularidade privada e demais bens e elementos situados nestes, cando naqueles se desenvolvan actividades municipais.

Artigo 3.- Conceptos.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por:

- a. Acoso á liberdade sexual: Todo comportamento verbal, non verbal ou físico, non desexado de índole sexual, realizado co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
- b. Acoso por razón de sexo: Todo comportamento non desexado realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
- c. Acoso por razón de orientación sexual e identidade de xénero: Todo comportamento que, en función da orientación sexual ou identidade de xénero

dunha persoa, persiga atentarse contra a súa dignidade e/ou crear un espazo intimidatorio, hostil, degradante, humillante, ofensivo ou segregador.

TÍTULO II.- NORMAS DE CONDUCTA

Artigo 4.- Normas de conduta.

1. Queda prohibido, no ámbito espacial de aplicación desta ordenanza, toda conduta de menosprezo á dignidade das persoas, mediante acoso á súa liberdade sexual, así como calquera comportamento discriminatorio por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero, de feito, por escrito ou de palabra, mediante insultos, burlas, molestias intencionadas, coacción psíquica ou física, agresións ou outras condutas vexatorias.

2. Quedan especialmente prohibidas as condutas anteriormente descritas cando teñan como obxecto ou se dirixan aos colectivos máis vulnerables: persoas maiores, menores e persoas con diversidade funcional.

Artigo 5.- Intervencións municipais preventivas de apoio ás persoas afectadas por actos contrarios á convivencia.

1. O Concello de Teo colaborará coas persoas afectadas ou lesionadas polas actuacións contrarias ao previsto nos artigos precedentes, informándoas sobre os medios de defensa dos seus dereitos e intereses.

2. O persoal que de forma directa ou indirecta preste os seus servizos para o Concello de Teo debe proveerse de todos os medios ao seu alcance para previr, evitar e, no seu caso, detectar e eliminar calquera conduta do artigo 4, debendo seguir as seguintes instrucións:

- a. Garantir a dignidade e a integridade física e moral da persoa afectada, afastando á persoa infractora. De persistir esta coa súa conduta afectando á orde e á convivencia, expulsaráselle das instalacións de forma inmediata, sen prexuízo de que poida facer uso posteriormente destas, agás que se dite unha medida cautelar que lle prohiba a entrada mentres non finalice o correspondente procedemento sancionador.

- b. Comunicar os feitos á persoa responsable do servizo e/ou das instalacións, á maior brevidade posible.
- c. Cando non sexa posible controlar a situación de violencia ou, se a persoa afectada o solicita, reclamar a presenza das Forzas e Corpos de Seguridade.

TÍTULO III.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 6.- Procedemento sancionador.

A imposición de sancións realizarase mediante a apertura do correspondente expediente sancionador, que se tramitará consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 7.- Infraccións e sancións.

1. Sen prexuízo de que os feitos sexan constitutivos de infracción penal, a realización das condutas descritas no apartado 1 do artigo 4 terá a consideración de infracción grave, e será sancionada con multa de 750,01 a 1.500 euros, agás que o feito constitúa unha infracción ou lle corresponda una sanción diferente, segundo a lexislación aplicable.
2. Sen prexuízo da lexislación penal, terán a consideración de infraccións moi graves, que se sancionarán con multa de 1.500,01 a 3.000 euros, as condutas descritas no apartado 2 do artigo 4. Se esas condutas fosen realizadas por grupos de persoas, imputarase a comisión da infracción a todos os membros destes grupos que se encontrasen no lugar dos feitos e participasen, activa ou pasivamente, na realización das condutas previstas no artigo 4, considerándose unha agravante o feito ser en grupo e impoñéndose neste caso o máximo do tipo moi grave.
3. Xunto ás sancións pecuniarias precedentes, as condutas descritas no artigo 4 poden comportar a prohibición de entrada ou a expulsión do servizo por un período de tempo de seis meses a un ano, no caso das infraccións graves, e de un ano a tres anos, no caso das infraccións moi graves; de ser reincidente en calquera destas condutas, a prohibición de entrada nas instalacións ou expulsión do servizo poderá ser definitiva.

Artigo 8.- Gradación das sancións.

1. A imposición das sancións previstas nesta ordenanza atenderán ao principio de proporcionalidade e, en todo caso, terán en conta os seguintes criterios de gradación:

- a) A gravidade e natureza da infracción e dos danos causados
- b) Transcendencia social do feito
- c) Alarma social producida
- d) A existencia de intencionalidade da persoa infractora
- e) A reincidencia
- f) A reiteración de infraccións
- g) Outras circunstancias que concorran.

2. Enténdese que hai reincidencia cando se cometeu, no prazo dun ano, máis dunha infracción desta ordenanza e foi declarado por resolución firme. Hai reiteración cando a persoa responsable xa foi sancionada por infraccións desta ordenanza ou cando se estean instruindo outros procedementos sancionadores por infraccións desta ordenanza.

3. Terá a consideración de circunstancia atenuante a adopción espontánea, por parte da persoa infractora, de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador, aplicándose a sanción na súa metade inferior. O pagamento voluntario da sanción pecuniaria poderá determinar unha rebaixa do 20% na sanción proposta, así como a terminación do procedemento.

Artigo 9.- Responsabilidade das infraccións.

Unha vez practicadas as dilixencias de investigación dirixidas a individualizar a quen infrinxiron a ordenanza, se non fose posible determinar o grao de participación de cada unha das persoas que interviñeron na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria.

Artigo 10.- Concorrenza de sancións.

1. Incoado un procedemento sancionador por dous ou máis infraccións entre as cales haxa relación de causa e efecto, imponse só a sanción que resulte máis elevada.
2. Cando non se dea a relación de causa e efecto á que se refire o apartado anterior, as persoas responsables de dous ou máis infraccións imponse-lles as sancións correspondentes a cada unha das infraccións cometidas.

Artigo 11.- Concorrenza coa Orde Xurisdiccional Penal.

1. Cando as condutas a que se refire esta ordenanza puidesen constituír infracción penal, remitiranse ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial que corresponda os antecedentes necesarios das actuacións practicadas.
2. No caso de identidade de suxeito, feito e fundamento das condutas ilícitas, a incoación dun proceso penal non impedirá a tramitación de expedientes sancionadores polos mesmos feitos, pero a resolución definitiva do expediente só poderá producirse cando sexa firme a resolución recaída no ámbito penal, quedando ata entón interrompido o prazo de prescrición. Os feitos declarados probados na vía xudicial vincularán á autoridade competente para imponse a sanción administrativa.
3. A condena ou a absolución penal dos feitos non impedirán a sanción administrativa, se se aprecia diversidade de fundamento.
4. As medidas cautelares adoptadas no procedemento administrativo sancionador antes da intervención xudicial poderán manterse en vigor mentres non recaia pronunciamento expreso ao respecto das autoridades xudiciais, sen prexuízo dos recursos que poida interpoñer a presunta persoa infractora sobre o establecemento ou a vixencia daquelas medidas cautelares.

Artigo 12.- Medidas cautelares.

Iniciado o expediente sancionador, mediante acordo motivado, poderanse adoptar as medidas cautelares imprescindibles para o normal desenvolvemento do procedemento, para evitar a comisión de novas infraccións ou para asegurar o cumprimento da sanción que puidese imponse. Estas medidas poderán consistir en calquera das previstas na normativa xeral e sectorial aplicable en cada caso, na privación dos

dereitos das persoas usuarias e da utilización das instalacións, ata tanto se dite resolución firme.

Artigo 13.- Reparación de danos.

1. A imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza non exonera a persoa infractora da obriga de reparar os danos e/ou perdas causados.

2. Aos efectos do establecido no apartado anterior, cando proceda, a Administración municipal tramitará pola vía de execución subsidiaria a obriga de resarcimento que proceda.

Artigo 14.- Multas coercitivas.

Para a execución forzosa das resolucións, o Concello poderá impoñer multas coercitivas.

Artigo 15.- Prescrición e caducidade de infraccións e sancións.

A prescrición e caducidade de infraccións e sancións rexeranse pola lexislación administrativa sancionadora xeral.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

A Alcaldía-Presidencia, ou concelleira/o en quen delegue, é o órgano municipal facultado para ditar cantas instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

Os expedientes incoadas por infraccións cometidas antes da entrada en vigor desta ordenanza rexeranse, naquilo que non prexudique á persoa imputada, polo réxime sancionador vixente no momento de cometerse a infracción.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas todas as disposicións contidas na normativa municipal que contradigan esta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

9.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, sinala que o seu grupo ten unha moción de urxencia, engadindo que a urxencia ven motivada porque se trata dun tema importante para todos e ao cambiar as datas dos Plenos non houbo outra forma de poder presentala.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do PP para a defensa das reclamacións veciñais efectuadas pola Plataforma Casalonga Limpa de Residuos.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, da conta da moción do seu grupo que se reproduce a continuación.

“José Manuel Guerra Calvelo, en calidade de voceiro do grupo municipal popular, ao abeiro do establecido nos Arts. 22 e 33 do Regulamento Orgánico Municipal e Título III do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN, para o seu debate en pleno, para a **defensa das reclamacións veciñais efectuadas pola Plataforma Casalonga Limpa de Residuos:**

Exposición de motivos:

O pasado 5 de decembro, con rexistro de entrada 8887, un representante da Plataforma Casalonga Limpa de Residuos presentaba un escrito perante este Concello

facendo unha serie de peticións que afectan ás competencias desta administración local.

Nel destácase que *“a parcela na que se pretendía instalar a planta está clasificada polo vixente PXOM de Teo como solo rústico, dentro da súa categoría protección ordinaria.*

Tal e como se recolle no informe do técnico municipal antes mencionado (refírese ao emitido polo Concello o 3 de setembro): “Conforme ao artigo 129 do PXOM (redactado conforme ao artigo 15 da LOUG) estamos ante terreos que tendo sufrido una degradación dos valores naturais, paisaxísticos, produtivos ou outros deban protexerse co fin de facilitar eventuais actuacións de recuperación dos ditos valores, no caso que nos ocupa a existencia dunha canteira en desuso parece indicar que o que pretende o PXOM con dita categorización é a restauración ambiental, a recuperación paisaxística da canteira, tal e como obriga a actual lexislación mineira vixente, o que hoxe se define como pasivo ambiental”.

É importante resaltar neste punto que o Concello ten competencia para a modificación do seu PXOM.”

Proséguese “instando” ao Concello a que *“promova as modificacións oportunas no seu PXOM a fin de protexer o monte de Casalonga, recentemente ameazado, facendo del un espazo especialmente protexido.”*

Baixo estes motivos, finalmente *“solicítase ao Sr. Alcalde do Concello de Teo que teña por presentado este escrito, o admita, e teña por feitas as anteriores manifestacións, acordando, de conformidade co solicitado, proceder á modificación do PXOM de Teo a fin de protexer o monte da canteira da Casalonga, facendo del un espazo especialmente protexido.”*

Na defensa das peticións realizadas pola veciñanza e considerando que concordan co posicionamento que o grupo municipal popular ven manifestando dende que tivemos coñecemento da casuística mencionada, propoñemos ao pleno o seguinte

ACORDO:

- Apoiar as demandas realizadas pola Plataforma Casalonga Limpa de Residuos instando á administración local a que dea inicio inmediato ás accións correspondentes para proceder á modificación do PXOM de Teo a fin de protexer o monte da canteira de Casalonga, facendo del un espazo especialmente protexido”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que se trata dunha moción sorprendente engadindo que o PP no Parlamento non presentará nada en relación coas outras peticións da Plataforma, porque estamos en decembro, xa se está co último Pleno ordinario do

Parlamento, e non vai nada en relación coa modificación da Lei do solo nin da normativa de residuos.

O sr. Fernández di que o BNG apoia as demandas da Plataforma, en Teo e no Parlamento de Galicia, e porque non están no Congreso dos Deputados, senón tamén estarían alí reclamando algo que tamén tería que facer o goberno do Estado, que é modificar os Decretos que permiten que a restauración dunha canteira fagan que se converta nun vertedoiro pola parte de atrás. Reitera o sr. Fernández que o BNG apoia as reclamacións da Plataforma e tamén instan ao goberno municipal a que modifique o PXOM ou que cando elabore o novo PXOM se teña en conta a situación da canteira e se faga dela un espazo especialmente protexido, se é posible coa normativa autonómica.

Explica o sr. Fernández que Toysal presenta no concello unha proposta para facer unha planta de xestión de residuos porque existe unha normativa que llo permite, aparece o informe de compatibilidade urbanística do concello que lle di que non e automaticamente aparece o proxecto de rexeneración da canteira, colando un vertedoiro. Iso é o que hai, existe unha normativa que permite todo iso, e iso é o que hai que atacar. O goberno pode actuar en base ao PXOM para impedir que se monte unha planta de residuos na canteira, porén se pode montar noutra parte do concello, polo tanto hai que ir á raíz do problema. Remata o sr. Fernández sinalando que se é posible o que recolle a moción, en base á normativa autonómica, eles están de acordo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que o artigo 129 do PXOM fai referencia á ordenanza do solo rústico de protección ordinaria. Sinala que ninguén pode crer que non se estudaron as posibilidades de modificación do PXOM e chegados a este punto, e vistas as últimas modificacións do goberno do PP en relación ao solo rústico, está por promover que se faga solo urbanizable porque en Galicia está máis protexido que o solo rústico.

Lembra a sra. Lemus que cando ela chegou, estaba aprobada inicialmente unha modificación puntual do PXOM polo tema das pirotécnicas, asunto que non saíu

adiante porque dende a Xunta de Galicia se dixo que o establecemento de distancias non era competencia do concello.

Explica que se o terreo da canteira fora rústico de protección forestal, non implicaría que non puideran facer o que se pretende facer agora, unicamente suporía un informe máis, de medio rural ou de patrimonio.

Explica a sra. Lemus o que aconteceu con minas. Salienta que se fala dunha cuadrícula mineira, que chegou o momento do plan de explotación e se fixo un informe en setembro dicindo que non procedía o proxecto de explotación. Pediron unha reunión en minas e dende alí se dixo que non había ningún problema, que se ia a archivar. Sinala que en novembro tanto o concello como a Plataforma pediron o arquivo, dúas veces dende o concello, e a semana pasada chamou ela a minas para saber que estaba pasando e o luns se lle notifica ao concello que se fixo o arquivo, o venres, e subsanación o luns.

A sra. Lemus di que se algún sabe algunha forma humanamente sostible de manter isto con un cambio de PXOM, estarían encantados, non so na Casalonga, senón en todo o solo rústico do concello. Recalca a sra. Lemus que actualmente non existe forma humana de facer este tipo de modificacións. Explica que o que se atoparon é que o concello se ve na obriga de facer informes como o que fixo o técnico municipal, baseado nunha interpretación que va máis alá da Lei do solo galego e que ten que ver co Texto refundido da Lei do solo estatal, non sendo fácil chegar ata esa paralización. Cree a sra. Lemus que nunca faloron tanto os técnicos municipais de todos os concellos de Galicia, por este tema, que dende fai catro meses, porque acontece en máis sitios, como por exemplo Arteixo.

Di a sra. Lemus que pode entender que o obxectivo da Plataforma é protexer o monte da Casalonga, porén habería que preguntarse que se fai co resto do solo rústico de Teo, engadindo que, con independencia do tipo de protección que puidera ter no PXOM, primaria a cuadrícula mineira.

Explica a sra. Lemus que minas, dende que os recibiu en setembro, o que fixo foi estirar o tema, resultando cando menos curioso que se solicite cita pola Plataforma e o venres se archive. Salienta que dende o seu grupo apoian todas as propostas e considera necesario que dende o grupo municipal do PP presionen na Xunta de Galicia para solventar o tema, engadindo que eles levan catro propostas e o BNG outras tantas, estando sempre abertos a calquera tipo de modificación ou acordo.

Pregunta a sra. Lemus qué tipo de modificación se está pedindo, de se trata dunha modificación para que Toysal no poña alí a canteira e a poña noutro sitio. Sinala que vendo como está minas, xa desconfía que se vai a ter aí a presunta aliada que parecía ao principio.

Sinala a sra. Lemus que se se modifica o PXOM de Teo, e por exemplo se coloca no linde con Vedra habería que modificar o PXOM de Vedra, ou o de Santiago, Ames..

Invita a sra. Lemus aos os concelleiros/as a que modifiquen o PXOM, engadindo que en todo caso se trata dun problema moita máis grave que o da Casalonga.

Sendo as vinte e unha horas e trece minutos sae do Salón de Plenos do concello do PP D. José M. Guerra Calvelo, que se incorpora pasados tres minutos

Reitera a sra. Lemus que apoiaran a moción pero que hai que facer unha reflexión máis ampla deste tema e remata a súa intervención sinalando que pode entender a postura da Plataforma pero os/as concelleiros/as debería saber que isto non é unha solución.

O sr. alcalde sinala que se hai que votar isto, para quedar ben, vótase, e se hai que modificar o PXOM para quedar ben, modifícase, porén non vale de nada, engadindo que á xente hai que dicirlle a verdade, tratándose dunha loita política na que se está xogando en termos técnicos

Salienta que a discusión é a que dixo a sra. Lemus para qué se quere o solo rústico e o que hai que situar no solo rústico, resultando que será mellor protexer o solo rústico para que non se poidan situar esas actividade no mesmo.

Sinala o sr. alcalde que se hai que ser demagogos o poden ser todos, engadindo que isto llo dixo aos da Plataforma e no fondo lle deron a razón. Salienta que non se pode esquecer que quen aproba o PXOM é a Xunta de Galicia e a competencia municipal unicamente é de inicio ou de proposta. Se agora se pretendera modificar iso, serían precisos os informe sectoriais, incluído o de minas, que lle acaba de dar unha concesión por vinte anos, o que resulta dificilmente posible. Remata o sr. alcalde sinalando que se se trata de quedar todos ben, pois quedan todos ben.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen di que non se trata de quedar ben, senón de darlle unha solución entre todos. O sr. Guerra cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que dende o seu grupo está de acordo con atacar de raíz o problema, engadindo que o seu grupo nunca puxo límites a poder negociar e incluso participaron en reunións que non lles correspondían porque non están gobernando. Sinala que se hai cousas que se poden modificar para poden ir avanzando, xa que e para que se poida aprobar pola Xunta, ten que chegar á Xunta. A modificación podería acortar cousas, aínda que se podería seguir avanzando, e modificar moitas máis cousas.

Sinala a sra. Vázquez que o carácter galáctico a Toysal parece que se lle está dando, porque calquera cousa que aparentemente se poida facer, Toysal sempre vai a ter algo.

Considera a sr. Vázquez que sempre se vota contra o PP e o seu grupo sempre defendeu que non quere a Toysal en Teo ni ese tipo de actuacións en ningún outro punto.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala, dirixíndose aos/s concelleiros/as do PP, que son os concelleiros/as do concello de Teo do grupo municipal do PP, así como el é concelleiro do grupo o municipal do BNG. Sinala que no grupo municipal do PP houbo unha posición deste tema na liña do BNG, porén ao BNG no Parlamento galego sigue tamén está liña e o PP no Parlamento galego non segue esta liña. Salienta o sr. Fernández que cada un terá que asumir as súas responsabilidades, e asumir as decisión do seu grupo a nivel estatal e autonómico. Non entende o sr. Fernández porque se fan as leis dunha maneira determinada e despois ninguén as defende, e todo o mundo está en contra delas. Considera o sr. Fernández que hai que ser coherentes e se se fai unha Lei dunha forma determinada será por algo. Pregunta o sr. Fernández quen defende a lei aprobada no ano 2016 e quen defende as propostas aprobadas hoxe na Lei de medidas urxentes no Parlamento galego, engadindo que alguén as defendeu. Pregunta o sr. Fernández porque no se modificou o que se dixo que se ia a modificar en relación ás plantas de xestión de residuos.

Lembra o sr. Fernández que ao mes seguinte de aprobación da Lei, modificouse, polo tanto non é tan difícil, e se non se fai e porque non se quere, e algún argumento haberá que existir para ese “non se quere”, alguén ten que explicar porque o rústico ten que ser así.

Sinala a o sr. Fernández que a posición do BNG é que estas plantas teñen que estar en polígonos específicos para xestionar residuos, porque estes existen e hai que xestionalos, engadindo que tamén está o tema do vertedoiro, existindo unha a norma estatal que regulan este tema.

Explica o sr. Fernández que existe unha sentenza italiana que di que é cada Estado o que determina que é residuo ou que non é residuo. Mentres non se cambie a normativa estatal minas actuará duna forma, pero tamén actúa no marco dunha normativa e esa normativa é a que permite ese tipo de fraudes na restauración das canteiras.

Di o sr. Fernández que están de acordo coas reclamación da Plataforma, en canto veciños que son preocupados polo tema, polo que van a apoiar a moción, esperando que sexa un paso máis na solución.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que Toysal non é máis poderoso que o concello porén ten un investimento de dous millóns de euros, polo que fará o que estime oportuno por defender os seus dereitos.

Tratándose do cambio de normativa sinala a sra. Lemus que o outro día no Parlamento de Galicia levouse unha nova iniciativa para cambiar a normativa e o PP segue votando en contra e os demais a favor. Explica que faloron cos deputados do PP e dixeron que a idea do PP na Xunta de Galicia era levalo a un anteproxecto da Lei de residuos industriais de Galicia, o que pode tardar, como mínimo, dous ou tres anos.

Lembra a sra. Lemus que no concello existía consenso en contra das pretensións de Toysal e todos asistiron á reunión celebrada na Xunta de Galicia. Salia que, casualidades da vida, hai un ano que se presentou a primeira solicitude de informe e un ano despois non hai nin primeiro proxecto nin segundo proxecto aprobado polo concello, polo que en todo este tempo non será polo concello.

Sinala a sra. Lemus, dirixíndose aos/as concelleiros/as, que se algún concelleiro/ lle di cal é a fórmula máxica que non sexa unha prevaricación, aceptaran *pulpo* como animal de compañía.

Tratándose da moción sinala que, non tanto polo fondo senón polas formas, resulta curioso que non incluíse un punto 2, de instar non so ao concello de Teo a modificar o PXOM, senón tamén á Xunta de Galicia.

Anuncia a sr. Lemus o apoio do seu grupo, reiterando a súa total colaboración en todo o que se lles ocorra para abordar este tema.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda apoiar as demandas realizadas pola Plataforma Casalonga Limpa de Residuos instando á administración local a que dea inicio inmediato ás accións correspondentes para proceder á modificación do PXOM de Teo a fin de protexer o monte da canteira de Casalonga, facendo del un espazo especialmente protexido.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula o seguinte pregunta:

1.- Pregunta o sr. Fernández porque non está en funcionamento o bombeo de Pontevea.

O sr. alcalde resposta que Fenosa fixo a canalización para meter o cable, porén aínda non meteu o cable, co que entenden que tiña permiso de patrimonio.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra di que os veciños dos Tilos se queixan de que se apagan moi cedo as luces pola mañá.

A sra. Lemus di que se mirará.

2.- A sra. Nariño refírese ao alumeado nas zonas rurais, referíndose ás luminarias de tipo ornamental postas pola propia urbanización, e sinala que se utilizou o mesmo sistema que os Tilos e se puxo a mesma luminaria que para o rural, cunha altura máis alta e máis pequenas. Pide que se teña en conta que se perde unha luminosidade do

80 %. Explica a sra. Nariño que esa luminaria en altura pode ser perfecta en zona urbana, pero a media altura o único que fai é alumear a estrada, mentres que todo o que é o contorno queda cunha sensación de escuridade terrible, a diferenza do que acontecía antes, que espallaba a luz e así daba luminosidade

3.- A sra. Nariño refírese aos Tilos e di que ademais da queixa exposta polo sr. Guerra, hai outra queixa relacionada co feito de que ás luminarias ornamentais se lle retiraron os cristais, que cumpren unha función que é que esa luminaria transmita e reflecta luz. Non entende a sra. Nariño porque se quitaron os cristais e interésase pola razón desa decisión.

4.- Refírese a sra. Nariño ao POS + e di que se, tal e como se expuxo, se van a ter en conta o resto de núcleos, se debe ter en conta que dende Cobas cara a Penelas existe unha curva bastante perigosa antes de chegar á nave. O que se fixo foi poñer un pouco de formigón, porque había un socabón moi grande, porén ela no seu día xa dixo que sería importante poñer un valado para evitar a caída, porque hai que recoñecer que alí os vehículos van rápido e o que fan é abrirse e é perigoso. Sinala que de paso que se vai a facer e se vai a anchar, se debería ter iso en conta.

5.- Refírese a sra. Nariño aos escombros que hai no aparcadoiro municipal que se utiliza para a Igrexa de Cacheiras. Pregunta que fan alí os escombros e cal é o motivo de que se estableceran alí.

A sra. Lemus explica que as luminarias teñen que iluminar a estrada, tal e como sinala o Regulamento de baixa tensión, resultando que o resto de iluminación non cumpre co citado Regulamento. Tratándose da altura salienta que a de 6 metros ven determinada pola anchura do vía. En canto a razón pola que se quitou o cristal, explica a sra. Lemus que é porque os led non o levan porque teñen un protector especial, porque se non se cumpre cos lumen.

Salienta a sra. Lemus que todo isto non é unha decisión política, senón técnica, e se se toman determinadas decisións é por algo. Salienta que existe un director de obra e un

director do contrato, que están a disposición dos/as concelleiros/as para calquera dúbida.

A sra. Nariño dille á sra. Lemus que cree non lle está entendendo, reiterando que o que di é que a iluminación na zona rural, ao subirse de altura, diminuíu e dende o concello sería importante que tiveran en conta que os veciños lle din que quedan moitísimo máis escuro, que non teñen luminosidade, que perden ata un 80 % de luz, engadindo que non fala de cuestións estéticas, senón de seguridade, porque non hai luminosidade, ao perderse na porcentaxe indicada. Sinala a sra. Nariño que se debería ter en conta en moitas urbanizacións, engadindo que con estar á mesma altura que o resto melloraría a luminosidade. Considera a sra. Nariño que o concello debería recepcionar as queixas dos veciños na medida en que iso afecta á luminosidade, e polo tanto á seguridade.

A sra. Lemus di que se leva moitas meses cambiando luminarias, que a sra. Nariño non é a primeira nin a última en plantexar queixas deste tipo e que terían que falar cos técnicos porque o que se pode mellorar se está facendo.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz